

# BENVIDOS Á ESCOLA



**CEIP PLURILINGÜE DE  
ABANQUEIRO**

CEIP PLURILINGÜE ABANQUEIRO


Rúa Exipto, 108 - Abanqueiro. 15938 Boiro - A Coruña.

Teléfono principal: 881866535

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipabanqueiro>

[ceip.abanqueiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.abanqueiro@edu.xunta.gal)

**HORARIO:** de 9.45 a 14:45 horas  
**Ano de creación:** 1993  
**Número de plantas:** 3  
**Unidades:** Centro pequeno de 1 liña: 3 de Ed. Infantil e 6 de Ed. Primaria  
**Superficie Total:** 10.786,3 m<sup>2</sup>  
**Titularidade:** Pública  
**Oferta Educativa:** Educación Infantil de 3 a 5 anos e Educación Primaria

**Idiomas impartidos:** 

**Plans específicos:** Colexio Plurilingüe de Inglés, materia de Introducción á Lingua Francesa e Plan TIC  
**Xornada Única:** Si  
**Asociación de nais e pais:** Si. Asociación de Nais e Pais NAPABAN

**Galardóns/Premios:** 

Servizos e  
Instalacións:



Acceso en cadeira  
de rodas



Ascensor



Pedagogía  
Terapéutica



Audición e  
Linguaxe



Orientación



Comedor



Transporte Escolar



Madrugadores



Biblioteca



Laboratorio de  
Idiomas



Aula de Música




Aula TIC



Ximnasio



Polideportivo



Pista deportiva



Parque Infantil



Zona axardinada



Rocódromo



Horta



Internet



Salón de actos



Actividades  
Extraescolares

# Contacto e Información

Enviado por napaban o Mar, 28/05/2019 - 00:56

Novas da NAPABAN

## Datos de contacto da ANPA NAPABAN

Telefono: 600 27 30 32

Correo-e: [napaban@gmail.com](mailto:napaban@gmail.com)

Correo postal: A dirección do centro con "Á Atención de ANPA" ou "Á Atención de NAPABAN"





A comezos do mes de **setembro** teremos unha reunión na que se vos dará toda a información relativa á entrada á escola durante o período de adaptación (distribución do alumnado, horario e días de entrevistas individuais cas familias). Posto que neste mes os nenos/as de tres anos terán un horario especial, adaptado ao seu ritmo e que iremos ampliando paulatinamente.

A convocatoria desta reunión expoñerase no taboleiro do centro, na páxina web do cole, e a través de Abalar. Estade atentos!!

# PREPARACIÓN PARA A ESCOLA

- Faládelle ao neno sempre cunha actitude positiva, que perciba que estades contentos de que veñan á escola.
- A pesares da normal ansiedade de papá e mamá por ter que deixar aos seus cativos cunha persoa descoñecida é de vital importancia manter unha presenza serea e tranquila; xa que sabedes que os nenos/as son grandes perceptores e o que debemos transmitirles é que a escola é un sitio agradable onde vai facer moitos amigos e pasalo ben.

# PREPARACIÓN PARA A ESCOLA

- Non empregar a escola como ameaza ou castigo. Evitade as típicas expresións “xa verás cando vaias á escola”...
- Asistide as entrevistas individuais cos mestres para coñecervos mellor e poder charlar do/a neno/a.
- O primeiro día de escola evitade ter presa, vinde tranquilos e preparar ao neno con calma, insistide en que volvedes axiña a recollelo, pero non mintades dicindo que ides estar “aí fora”.



# HÁBITOS DE AUTONOMÍA

No momento da escolarización o neno/a debe ser autónomo, por iso deberá controlar esfínteres; deixará os cueiros e saberá ir só o baño (subir e baixar a roupa).

A educación do neno/a na escola camiña cara a consecución dunha maior autonomía posible na vida cotiá, polo que sería interesante que comezades xa a traballar estes hábitos na casa, con tranquilidade e sen ansiedades.

Un recurso importante para logralo e exaltar e eloxiar a conducta adecuada cando se produce.

# HÁBITOS DE AUTONOMÍA

Algún hábito que podedes empezar a traballar o antes posible:

- Aprender a lavarse as mans con xabón, a aclaralas e secalas correctamente coa toalla.
- Lavar as mans despois de cada comida e despois de ir o servizo.
- Pechar e abrir a billa.
- Limpar os mocos por si mesmo.
- Saber baixar e subir a roupa para ir ao servizo; tirar da cisterna e limpar o cu.
- Aprender a sacar e poñer a roupa.
- Controlar esfínteres.
- Comer so.

# HÁBITOS DE AUTONOMÍA

## ROUPA

- Procurade que tanto a roupa como o calzado sexan cómodos: á hora de vestirse e calzarse, ir ao baño... (preferiblemente pantalón con gomas, evitar os cintos, tirantes, botóns e non traer calzado con cordóns).

# NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- A asistencia á escola debe ser regular para fomentar o establecemento das rutinas, non sentirse desligado do que estamos facendo...
- Rogamos puntualidade.
- Fóra do horario, teñen que pasar por conserxería a firmar un xustificante da demora.
- Entrada ordenada, tranquila, alegre e sosegada.

# NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- Se algún neno ou nena contrae algunha enfermidade contaxiosa non o traian á escola e avisen ao centro o antes posible. É moi importante que comuniquen a ausencia dos seus fillos e fillas á titora ou ao centro, así como calquera outro contratempo. Igual de importante é que nos informen dos posibles cambios que se poden dar na saúde e benestar do alumnado: Avisos de alerxias/intolerancias ao día. Non se administrarán medicamentos.
- Control de esfínteres: non se cambiará aos nenos e nenas que non controlen esfínteres, se procederá polo tanto a chamar ás familias para que veñan a cambialos.
- Obrigatorio ter o xustificante de recollida asinado e con copia de DNI de quen veña á escola a buscar ao alumnado.

# NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- O alumnado de infantil sae uns minutos antes.
- As tardes do luns, mércores, xoves e venres o centro permanecerá aberto en horario de 16:00 a 18:00h. para actividades extraescolares e biblioteca\*. O portal abrirase de 15:55 a 16:05, de 16:55 a 17:05 e de 17:55 a 18:00 horas. O resto do tempo estará pechado pola seguridade dos nenos/as.
- O servizo de comedor rematará ás 16:00 horas. Avisar en conserxería á entrada do cole cando un alumno/a non asista ao comedor ese día.
- TITORÍAS: martes de 17,00 a 18,00 h.



# NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- Informar ós titores de calquera cambio na situación familiar (separación, morte dalgún membro da familia, nacemento...)
- Sesións de Psicomotricidade: roupa de deporte e tenis de velcro.
- A hora da merenda axudaranos a adquirir hábitos saudables.
- Non se poden traer xoguetes da casa á escola.
- Celebramos os aniversarios (según situación sanitaria).

# LISTAXE DE MATERIAL

- Mandilón: precisarán un mandilón abotoado por diante e con gomas nas mangas. Deberá ter o nome nun lugar ben visible e unha cinta longa para poder colgalo na percha con comodidade.
- Gorra co seu nome.
- Unha bolsa/mochila, pequena sen rodas, co seu nome.
- Ao traballar por proxectos e recunchos, adoitamos pedir colaboración económica para preparar os materiais.

# COMUNICACIÓN FAMILIA-ESCOLA

**PREGÁMOSVOS TER OS TELÉFONOS DE CONTACTO ACTUALIZADOS E OPERATIVOS PARA PODERNOS MANTER INFORMADOS.**

- **DESCARGA DA APLICACIÓN ABALARMOBIL**: trátase dunha aplicación que permite ás familias consultar a información dos seus fillos/as a través do teléfono móbil ou da tablet e manter o contacto entre o profesorado e as familias. A descarga desta aplicación pódese facer dende Apple store (se o sistema operativo é IOS) ou dende Google Play Store (se o sistema operativo é Android).
- Na páxina web do colexio poderedes consultar a información nova que vaia xurdindo ao longo do curso.